

**COMENTARIO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE****TEXTO**

Tatiana y Leticia se llamaban las dos mujeres asesinadas por sus parejas la semana pasada en Madrid. Sus casos, unidos al de la hija de la primera, se suman a un año en el que hemos vuelto a superar la cifra terrible de más de una mujer asesinada a la semana. Si en cualquier otro sector tuviéramos una muerte violenta por semana, estaríamos clamando por soluciones inmediatas. Sin embargo, estamos abonados a la discusión. Para una cierta derecha, no se sabe bien por qué, no existe la violencia machista. Dicen que si se te cae un tiesto en la cabeza también es violencia y por lo tanto no hay que hacer distinciones. Pues vale. Sin embargo, la terquedad del machismo les desmiente. Porque, ¿cómo habría que llamar a quien es capaz de asesinar a una niña de cinco años por la cobarde aflicción de ser abandonado por la madre? ¿Acaso no hay detrás de tamaña cobardía un paradigma afectivo demencial? Y si alguien replica que madres también a veces matan a sus niños por despecho, esto no sería una refutación, sino una evidencia más de que la cultura de pareja indisoluble, matrimonio sagrado y jura de fidelidad esconde un contrato por el cual te juegas la vida. Hemos de cambiar la raíz del mal.

Las circunstancias de ambas muertes nos han proporcionado un mirador transparente de lo que falla en el sistema. En el primer caso, tras una denuncia por malos tratos, el juez desestimó la acusación. El marido regresó a la casa y amedrentó a la mujer hasta cumplir su amenaza a cuchilladas en el garaje y en casa con la niña. El error judicial es siempre disculpable, pero sería infame no intentar corregir la dinámica, sin albergar temor a buscar la verdad de cada caso con todos los medios posibles, incluido un departamento de evaluación especializado que no recaiga sobre un sobrepasado servicio policial sin herramientas para encarar un encargo de tal relevancia nacional. En el segundo caso, un capitán del Ejército estrangula a su pareja y nos obliga a preguntarnos si nuestros servidores públicos más destacados no tendrían que someterse a estudios psicotécnicos de mayor profundidad y rigor de los que encaran puntualmente. Y más incómodo aún, si los entornos laborales y familiares han relajado cualquier vigilancia sencillamente porque el cariño lo justifica todo, incluso la vesania y la degradación moral.

La polémica no beneficia la búsqueda de soluciones. El problema no es sencillo, pero ofende el grado de misoginia que se introduce a través de las redes, en la forma de abuso y descalificación de la mujer tan distinta al balance que se hace de un hombre, incluida esa forma de desprecio tan particular hacia figuras públicas femeninas. Cuando estudiamos el tratamiento mediático del amor y el despecho comprendemos el origen de casi todo. En un mundo utilitarista hemos rebajado la relación entre personas a una forma más de consumo. Son transacciones que invitan a poseer, usar, tirar, ajenas al respeto a la individualidad de cada cual, que extienden los valores del mercado sin sitio para la humanidad. Cada seis días, otro fracaso.

(David Trueba, *El País*, 5 de diciembre de 2023, adaptado)

**CUESTIONES**

1. Indique, en una frase de no más de 25 palabras, cuál es el tema principal que se trata en el texto. [2 puntos]
2. Resuma, en una extensión aproximada de 150 palabras, el contenido del texto, reflejando las ideas principales y secundarias de este. [2 puntos]
3. Elabore un comentario crítico en el que exprese su opinión sobre el contenido del texto, manifestando, de forma argumentada y razonada, su acuerdo o desacuerdo con las ideas que en él se expresan. [6 puntos]

**COMENTARIO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE****TEXTO**

Tatiana e Leticia chamábanse as dúas mulleres asasinadas polas súas parellas a semana pasada en Madrid. Os seus casos, unidos ao da filla da primeira, súmanse a un ano no que volvemos superar a cifra terrible de máis dunha muller asasinada cada semana. Se en calquera outro sector tivésemos unha morte violenta por semana, estaríamos clamando por solucións inmediatas. Porén, estamos abonados á discusión. Para unha certa dereita, non se sabe ben por que, non existe a violencia machista. Din que se che cae un testo na cabeza tamén é violencia e polo tanto non cómpre facer distincións. Pois vale. Con todo, a teimosía do machismo desmínteos. Porque, como habería que chamar a quen é capaz de asasinar unha nena de cinco anos pola covarde aflición de ser abandonado pola nai? Acaso non hai detrás de semellante covardía un paradigma afectivo demencial? E se alguén replica que as nais tamén ás veces matan os seus fillos por despeito, isto non sería unha refutación, senón unha evidencia máis de que a cultura de parella indisoluble, matrimonio sagrado e xura de fidelidade agocha un contrato polo cal xogas a vida. Cómpre cambiar a raíz do mal.

As circunstancias das dúas mortes proporcionánnos un miradoiro transparente do que falla no sistema. No primeiro caso, após unha denuncia por malos tratos, o xuíz desestimou a acusación. O home regresou á casa e amedrentou a muller ata cumprir a súa ameaza a coiteladas no garaxe e na casa coa nena. O erro xudicial sempre é desculpable, mais sería infame non intentar corrixir a dinámica, sen albergar temor a procurar a verdade de cada caso con todos os medios posibles, mesmo un departamento de avaliación especializado que non recaía sobre un servizo policial desbordado sen ferramentas para encarar unha encomenda de tal relevancia nacional. No segundo caso, un capitán do Exército estrangula a súa parella e obríganos a preguntarnos se os nosos servidores públicos máis destacados non terían que someterse a estudos psicotécnicos de maior profundidade e rigor dos que encaran puntualmente. E máis incómodo aínda, se as contornas laborais e familiares relaxaron calquera vixilancia simplemente porque o cariño o xustifica todo, mesmo a vesania e a degradación moral.

A polémica non beneficia a procura de solucións. O problema non é sinxelo, mais ofende o grao de misoxinia que se introduce a través das redes, na forma de abuso e descualificación da muller tan distinta ao balance que se fai dun home, incluída esa forma de desprezo tan particular cara a figuras públicas femininas. Cando estudamos o tratamento que fan os medios do amor e do despeito comprendemos a orixe de case todo. Nun mundo utilitarista rebaixamos a relación entre persoas a unha forma de consumo. Son transaccións que invitan a posuír, usar, tirar, alleas ao respecto pola individualidade de cada quen, que espallan os valores do mercado sen espazo para a humanidade. Cada seis días, outro fracaso.

(David Trueba, *El País*, 5 de decembro de 2023, adaptado, traducido)

**CUESTIÓNS**

1. Indique, nunha frase de non máis de 25 palabras, cal é o tema principal que se trata no texto. [2 puntos]
2. Resuma, nunha extensión aproximada de 150 palabras, o contido do texto, reflectindo as ideas principais e secundarias deste. [2 puntos]
3. Elabore un comentario crítico no que exprese a súa opinión sobre o contido do texto, manifestando, de xeito argumentado e razoado, o seu acordo ou desacordo coas ideas que nel se expresan. [6 puntos]

## COMENTARIO DE TEXTO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE

FEBREIRO 2024

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Na primeira cuestión, para obter dous puntos, deberase identificar correctamente e con precisión o tema principal abordado no texto. Por identificar o tema correctamente pero dun xeito demasiado xeral poderase descontar ata 1 punto; se non se identifica o tema, a pregunta valorarase con cero.

Na segunda cuestión, para obter dous puntos, é preciso que o resumo teña unha extensión axeitada e conteña as ideas principais e secundarias que se tratan no texto. Se a extensión é impropia dun resumo, poderase descontar ata un punto; se no resumo hai aportacións persoais ou ideas que non estean presentes no texto, poderase descontar ata un punto; se o contido non responde ao do texto, a pregunta valorarase con cero.

Na terceira cuestión, sobre a que recae o maior peso do exame, valorarase sobre todo a expresión das propias ideas e a relación destas co exposto no texto. Se o comentario non pasa de ser unha paráfrase do propio texto, non se calificará con máis de 3 puntos. O mesmo sucederá se o comentario é una mera expresión de acordo ou desacordo, non argumentado, coas ideas expresadas no texto. Se o comentario se centra unicamente en ideas marxinais do texto ou se sae por completo do tema do texto, poderase valorar cun cero. A pregunta poderase valorar tamén cun cero se se aprecian no comentario graves lagoas no coñecemento do mundo, falta de criterio ou incapacidade para levar a cabo unha argumentación razoada.

Canto á expresión escrita, valorarase de xeito xeral a capacidade para expresarse con corrección nun rexistro culto na lingua (galego ou español) escollida polo alumno ou alumna. Os erros ortográficos (uso das letras, acentos gráficos, unión e separación de palabras, etc.) poderanse penalizar cun desconto máximo de dous puntos. Os erros no uso do léxico poderanse penalizar cun desconto máximo dun punto. Os erros que atinxan ao uso dos signos de puntuación, á construción das frases ou oracións e á ordenación lóxica das ideas do texto, e á adecuación do rexistro empregado poderán ser obxecto de descontos de ata tres puntos dependendo da gravidade dos erros e do moito que estes poidan dificultar a comprensión do texto producido polo alumno ou a alumna.